# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE MÚSICA

## I.E.S.P. de AMES, Curso 2021-2022

**Sonia M. RohrerSobrino**
**Xoán-Xil López Rodríguez (Xefe de Departamento)**

# ÍNDICE Páxina


1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN 3
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE 5
3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS 7
4. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO 8
5. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE 12
6. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES 13
7. ORGANIZACIÓN DE PROCEDEMENTOS QUE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO 13
8. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS 13
9. PROGRAMACIÓNS ESPECÍFICAS 14
    - 9.1. SEGUNDO CURSO: MÚSICA 14
    - 9.2. TERCEIRO CURSO: MÚSICA 25
    - 9.3. CUARTO CURSO: MÚSICA 33
    - 9.4. SEGUNDO DE BACHARELATO: HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA 44
    - 9.5. PRIMEIRO CURSO: OBRADOIRO MUSICAL 52
    - 9.6. SEGUNDO CURSO: CANTO CORAL E TÉCNICA VOCAL 62
10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 70
11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS 71
12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES 73
13. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS 74
14. ACTIVIDADES TICS 77
15. PLAN LECTOR 80
16. EDUCACIÓN EN VALORES 82
17. CONTRIBUCIÓN Ó PLAN DE CONVIVENCIA 82
18. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS E PROCESOS DE MELLORA 82
19. PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL 84
20. CONCRECIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR E LIÑAS XERAIS DO PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCIDIBLES NON ADQUIRIDAS O CURSO PASADO. MEDIDAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS 86

## 1) INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A Resolución do 29 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Educación,Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2021/2022, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, define a programación didáctica como o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento.

A presente programación didáctica constitúe o instrumento de planificación curricular do profesorado do Departamento de Música do IESP de Ames para o curso 2021 – 2022.

O IESP de Ames está sito na Rúa Peregrina s/n, en Bertamiráns, no Concello de Ames. O Centro ten os seguintes niveis e grupos:

. Sete primeiros da E.S.O.
· Sete segundos da E.S.O.
· Seis terceiros da E.S.O.
· Cinco cuartos da E.S.O.
· Cinco primeiros de Bacharelato.
· Catro segundos de Bacharelato.
. 1º FP Básica
. 2º FP Básica

Ames é un concello da provincia da Coruña, pertencente á comarca de Santiago. Limita ao norte co Concello de Val do Dubra; ao oeste cos concellos da Baña e Brión; ao sur con Brión e Teo; e ao leste co Concello de Santiago de Compostela.

O Concello de Ames ten unha extensión de 94 km2, e a súa poboación (31.858 habitantes segundo o Censo de 2018, dos cales 15.278 son homes e 16.580 son mulleres) repártese entre 116 entidades de poboación e 11 parroquias. Os dous principais núcleos de poboación son Bertamiráns e O Milladoiro.

Nas últimas décadas, Ames foi un dos concellos galegos que máis medrou. Segundo os datos que figuran no Instituto Nacional de Estadística (INE) no ano 2000 o Concello de Ames dispoñía de 16.549 habitantes, polo que practicamente dobrou a súa poboación ó longo dos últimos 20 anos. Trátase dun concello urbano ou semi-urbano, que concentra a maior parte da súa poboación nos núcleos de Milladoiro e Bertamiráns. Nestes núcleos é onde se concentración a maior parte do tecido empresarial e comercial do municipio, mentres que na zona rural existen diferentes explotacións bovinas e gandeiras.

A oferta educativa municipal de Ames contempla dúas escolas infantís (O Bosque e a Madalena); dúas

escolas unitarias (A Igrexa e Covas); unha escola de educación infantil (EEI Milladoiro); tres centros educativos de infantil e primaria (CEIP Barouta, CEIP Agro do Muíño e CEIP A Maía); un centro educativo de primaria (CEP Ventín) e dous institutos de ensino secundario (IESP de Ames e o IES de Milladoiro.)

Por outra banda, tamén existe unha Escola Municipal de Música, dependente da Concellería de Cultura do Concello.

O Departamento de Música do IESP de Ames está formado no presente curso 2021-2022 por:

**Sonia M. Rohrer Sobrino** -xefa de departamento-, que imparte clase de Música ós grupos de 2ºD, 2ªE, 3ºC, 3ºD, 3ºE e 3ºF da ESO, a optativa de Música en 4º da ESO, e a Historia da Música e da Danza en 2º Bacharelato.

**Xoán-Xil López Rodríguez,** que imparte a optativa de Obradoiro de música (en inglés) en 1ºB, 1ºB e 1ºF da ESO e Música en 2ºA, 2ºB, 2ºC, 2ºF, 2ºG, 3ºA e 3ºB da ESO.

No presente curso o Departamento ten ó seu cargo 3 grupos de 1º da ESO (Obradoiro de música), 7 grupos de 2º da ESO (Música), 6 de 3º da ESO (Música), 1 de 4º da ESO (Música), e 1 de 2º de Bacharelato (Historia da música e da danza).

En canto aos alumnos, o seu número por aula é moi variable. O nivel socio-cultural dos mesmos tamén é moi variable xa que parte dos alumnos proceden do rural, outra parte da xente que traballa en Santiago e se despraza cada día e, finalmente, hai un número pequeno pero cada vez mais numeroso de nenos que veñen doutros países.

En canto o nivel de coñecemento da materia tamén hai moita variabilidade. Algúns non deron música en primaria mentres que os outros sí, aínda que ó non ter a materia de Música obrigatoria en primeiro da ESO fóronse esquecendo do que tiñan aprendido. En terceiro e cuarto da ESO o nivel sube, pois a materia non é nova ao ser obrigatoria en segundo. Por último, salientar que o alumnado procedente do estranxeiro moitas veces tiñan plans de estudos que non contiñan a nosa materia ou que estaba prantexada doutro xeito.

## 2) CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento con gran valor na vida das persoas; ademais, favorece o seu desenvolvemento integral, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Co desenvolvemento tecnolóxico multiplicáronse as canles de acceso ás cada vez máis numerosas fontes de cultura musical, así como aos seus diversos xeitos de creación e interpretación, a través de vehículos que forman parte da súa vida cotiá, como internet, os dispositivos móbiles, os reprodutores de son e os videoxogos. Ademais, fomenta o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica.

A materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo.

Transcendendo estes valores estéticos, propios da competencia de conciencia e expresións culturais, o alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo ao formar parte de diversas agrupacións nas que cadaquén asumirá diferentes papeis para poder interpretar música en conxunto. Por outra parte, é interesante fomentar actitudes emprendedoras que acheguen o alumnado ás diferentes profesións no ámbito musical e non musical.

Esta materia fomenta as actividades colaborativas ao integrar os/as estudantes nun grupo, fomentando o intercambio de ideas, o respecto entre iguais, a integración, a creatividade, o coñecemento doutros contextos e o desenvolvemento da intelixencia emocional.

O estudo desta materia parte dos coñecementos previos adquiridos polo alumnado na educación primaria e do seu desenvolvemento evolutivo, afondando con elementos que, dado o seu nivel de abstracción, deben abordarse neste momento de desenvolvemento do alumnado.

Entre outros, é obxectivo desta materia dotar os alumnos e as alumnas dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos musicais, unha comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística, unha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno

imbricado na historia e na sociedade. Tamén se lle outorga un papel importante á análise das obras musicais, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade.

Xa como remate, vese necesario resaltar a importancia do uso dunha metodoloxía adecuada a este enfoque curricular, que posibilite que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe, traballando de xeito colaborativo, onde a práctica e a vivencia do feito musical sexa real e relevante para o alumnado, para a comunidade educativa e para o contorno social.

As competencias clave do currículo recollidas no art. 3 do Decreto 86/2015 son as seguintes:
Comunicación lingüística (CCL).
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
Competencia dixital (CD).
Aprender a aprender (CAA).
Competencias sociais e cívicas (CSC).
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A relación dos estándares de aprendizaxe avaliables que forman parte dos perfís competenciais recóllese no apartado 9 desta programación.

## 3) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O departamento propón o uso dos libros da editorial McGrawHill para 3º da ESO, e da editorial Teide para 2º e 4º da ESO aínda que non é obrigatorio e todolos grupos.

Ademais, utilizaranse os libros de exercicios de Galinova como material para o traballo cos alumnos pendentes de 2º e 3º da ESO ou como reforzo educativo.

Este ano ademáis o departamento prticipa no proxecto Edisgal de libros e recursos dixitais que se utilizarán en 1º da ESO na materia de Obradoiro de Música.

O Departamento dispoñía de dúas Aulas de Música, unha colección de instrumentos Orff, dúas guitarras, varias frautas, dous pianos eléctricos, dous equipos de son, unha colección de cds de Historia da Música, unha colección de DVDs, libros relacionados coa materia, unha pizarra dixital nunha das aulas, e un cañón na outra aula. Esta dotación consideramos que é moi insuficiente para o número de alumnos que temos no Centro e as necesidades dos contidos da nosa materia. De feito unha das Aulas de Música nunca recibiu dotación de instrumentos Orff.

Neste curso non se van poder utilizar as dúas Aulas de Música, xa que a Dirección do Centro decidiu utiliza-las coma aulas para dous grupos completos pola situación excepcional por mor do Covid-19. Dende o Departamento consideramos que pedagoxicamente esta medida dificulta o proceso de ensino-aprendizaxe da nosa materia.

Como apoio estase a utilizar a Aula Virtual baseada no sistema Moodle para favorecer a aprendizaxe, a adquisición de coñecementos e dinamizar o traballo en grupo e fora da aula.

## 4) CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

O Departamento de Música utiliza os seguintes instrumentos de avaliación: probas escritas, probas orais, traballos individuais ou en grupo e control do traballo na aula mediante a observación directa. No desglose das distintas materias do apartado 9 desta programación relaciónanse os estándares de aprendizaxe cos seus respectivos procedementos e instrumentos de avaliación, así como o grao mínimo de consecución esixible para cada estándar.

**Criterios de avaliación**

A cuantificación dos diferentes graos de consecución acadados por parte dos alumnos nas distintas materias do departamento de Música seguirá os seguintes criterios para cada un dos instrumentos de avaliación:

PROBA ESCRITA

Realizarase polo menos unha proba escrita en cada avaliación.
Serán puntuadas de 1 a 10 puntos, considerándose superadas coa obtención de 4,5 puntos.
En caso de que unha proba non se supere o alumno terá a opción de facer unha proba de recuperación, onde a nota máxima será de 6 puntos.
Se algún alumno non acude á proba escrita obrigatoria, deberá aportar xustificante médico para que se lle repita a proba.

Se non se puidese realizar esta proba escrita, a proba oral pasará a sumar tamén a súa porcentaxe.
Se algún alumno copiara no exame escrito, suspenderá neste apartado da avaliación cun cero (salvo criterio diferente do profesor).

PROBA ORAL

Realizarase naquelas materias onde existan contidos prácticos asociados á interpretación musical.
Serán puntuadas de 1 a 10 puntos.
A desagregación e cuantificación dos elementos valorados é a seguinte:

| | 1-2 PUNTOS | 3-4 PUNTOS | 5-6 PUNTOS | 7-8 PUNTOS | 9-10 PUNTOS |
|---|---|---|---|---|---|
| **Proba oral de expresión instrumental ou vocal** | Non quere realizar a proba (1) ou non é capaz de interpretar ningunha peza das | Interpreta algunha peza proposta pero amosa unha incorrecta execución. | Interpreta as pezas propostas cometendo erros, pero a peza é recoñecible. | Interpreta as pezas propostas cometendo algún erro puntual. | Interpreta as pezas propostas correctamente amosando sentido musical. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | propostas (2). | | | | |

Esta proba oral poderá realizarse presencialmente no propio Centro ou por medio dunha gravación enviada por Aula Virtual, a criterio do profesor.

Se non se puidese realizar esta proba oral, a proba escrita pasará a sumar tamén a súa porcentaxe.

CONTROL DO TRABALLO NA AULA

A observación da actitude e o traballo do alumno por parte do profesor/a formará parte da nota final de tódalas materias do departamento.
A actitude e o traballo na clase serán puntuados conxuntamente en cada avaliación de 1 a 10 puntos.

Valoraranse os seguintes elementos:
Participar e amosar interese nas clases: Ata 4 puntos.
Respostas e exercicios realizados nas clases: Ata 2 puntos.
Respectar as audicións e as interpretacións dos compañeiros e do profesor/a: Ata 2 puntos.
Acudir a clase habitualmente co material necesario: Ata 2 puntos.

TRABALLOS INDIVIDUAIS E EN GRUPO

Nas distintas avaliacións poderanse propor traballos individuais ou en grupo, que poderán ser obrigatorios ou optativos.
Os distintos traballos serán cualificados entre 1 e 10 puntos.
En tódolos traballos valoraranse os seguintes elementos:
Calidade dos contidos: Ata 4 puntos.
Redacción e capacidade de expresión: Ata 4 puntos.
Presentación e ortografía: Ata 2 puntos.

**Criterios de cualificación**

A cualificación do alumno/a en cada avaliación deberá calcularse a partir das puntuacións obtidas mediante os distintos instrumentos de avaliación segundo os seguintes criterios para cada materia:

MÚSICA (2º ESO, 3º ESO, 4º ESO)

| INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN | PONDERACIÓN |
|---|---|
| Proba escrita | 70% |
| Proba oral | 20% |
| Observación na aula | 10% |

Os traballos individuais e en grupo propostos sumarán á nota obtida mediante a ponderación anterior entre 0 e 1 punto. A nota final non poderá superar a puntuación de 10.

LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL (1º BACHARELATO)

| INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN | PONDERACIÓN |
|---|---|
| Proba escrita | 50% |
| Proba oral | 40% |
| Observación na aula | 10% |

Os traballos individuais e en grupo propostos sumarán á nota obtida mediante a ponderación anterior entre 0 e 1 punto. A nota final non poderá superar a puntuación de 10.

HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA (2º BACHARELATO)

| INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN | PONDERACIÓN |
|---|---|
| Proba escrita | 90% |
| Observación na aula | 10% |

Os traballos individuais e en grupo propostos sumarán á nota obtida mediante a ponderación anterior entre 0 e 1 punto. A nota final non poderá superar a puntuación de 10.

OBRADOIRO MUSICAL (1º ESO)

| INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN | PONDERACIÓN |
|---|---|
| Proba escrita | 30% |
| Proba oral | 60% |
| Observación na aula | 10% |

Os traballos individuais e en grupo propostos sumarán á nota obtida mediante a ponderación anterior entre 0 e 1 punto. A nota final non poderá superar a puntuación de 10.

CANTO CORAL (2º ESO)

| INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN | PONDERACIÓN |
|---|---|
| Proba escrita | 30% |
| Proba oral | 60% |
| Observación na aula | 10% |

Os traballos individuais e en grupo propostos sumarán á nota obtida mediante a ponderación anterior entre 0 e 1 punto. A nota final non poderá superar a puntuación de 10.

**Criterios de promoción**

A nota da avaliación ordinaria da materia será a media aritmética das cualificacións acadadas nas tres avaliacións seguindo o seguinte criterio de redondeo:

1 cando obteña menos de 1,5
2 cando obteña entre 1,5 e 2,5
3 cando obteña entre 2,5 e 3,5
4 cando obteña entre 3,5 e 4,5
5 cando obteña entre 4,5 e 5,5
6 cando obteña entre 5,5 e 6,5
7 cando obteña entre 6,5 e 7,5
8 cando obteña entre 7,5 e 8,5
9 cando obteña entre 8,5 e 9,5
10 cando obteña entre 9,5 e 10

## 5) INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

O Departamento, en colaboración coa Xefatura de Estudios e o Departamento de Orientación, reunirase periodicamente para discutir e reflexiona-los resultados obtidos, a adecuación da metodoloxía empregada e suxeriranse posibles melloras e, se fose necesaria, prantexarase a posibilidade dun plan de modificación.

A medición dos resultados obtidos permitirá implementar distintas adaptacións da práctica docente e recolleranse posibles cuestións a mellorar na programación para cursos futuros. Para medir os resultados utilizaranse os seguintes indicadores de logro, mediante un cuestionario de autoavaliación da práctica docente que polo menos será cumprimentado por cada materia a final de curso:

**INDICADORES DE LOGRO**

**Indicadores de logro do proceso de ensino-aprendizaxe (1-grao mínimo 4-grao máximo)**

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. O nivel de dificultad efoi adecuado ás características do alumnado. | | | | |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. | | | | |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | |
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | |
| 11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. | | | | |
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. | | | | |

**Indicadores de logro da práctica docente(1-grao mínimo 4-grao máximo)**

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. | | | | |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo. | | | | |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | |
| 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. | | | | |
| 11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | | |
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros. | | | | |
| 14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación. | | | | |
| 15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. | | | | |
| 16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares. | | | | |
| 17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación… | | | | |

## 6) ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Para os alumnos de 3º da ESO o aprobado na 1ª e 2ª avaliacións do curso actual conlevará o aprobado da parte práctica do curso anterior, debendo presentar na 3ª avaliación un traballo teórico. Se non é este o caso, deberá realizar no mes de maio unha proba final.

Os alumnos de 4º ESO deberán realizar un traballo e unha serie de exercicios en cada unha das dúas primeiras avaliacións. Se o traballo é satisfactorio estarían aprobados, pero se non, deberán realizar no mes de maio unha proba final.

Este curso non temos alumnos con materias pendentes.

## 7) ORGANIZACIÓN DE PROCEDEMENTOS QUE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO

Consideramos que, para a elección das materias optativas do Departamento, non é necesario acreditar coñecementos previos, podéndose elixir unha optativa dun curso superior sen ter cursada a do curso inferior (salvo no caso dos dous cursos nos que a materia é obrigatoria), por incorporar temarios diferentes e non necesariamente coñecementos acumulativos

## 8) DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación inicial realizarase mediante cuestionarios, comentarios e probas que poderán ser: escritas, orais e de interpretación musical.

A partir dos resultados obtidos existe a posibilidade de impartir un tema de repaso dos contidos mínimos dos cursos anteriores.

## 9) PROGRAMACIÓNS ESPECÍFICAS

## 9.1. SEGUNDO CURSO: MÚSICA

### 9.1.1. OBXECTIVOS

A materia de Música no 2º curso da educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos

e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

### 9.1.2 CONTIDOS

*Bloque 1. Interpretación e creación*

B1.1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical

B1.2. Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta das posibilidades da voz como medio de expresión musical.

B1.3. Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.

B1.4. Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo.

B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.

B1.6. Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e a interiorización da música.

B1.7. Grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical.

B1.8. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.

B1.9. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas.

B1.10. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/ás demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.

B1.11. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas

musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.
B1.12. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.
B1.13. Improvisación, elaboración de arranxos e composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización musical.
B1.14. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula.
B1.15. Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.
B1.16. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.

*Bloque 2. Escoita*
B2.1. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.
B2.2. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.
B2.3. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais.
B2.4. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.
B2.5. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.
B2.6. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais.
B2.7. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.

*Bloque 3. Contextos musicais e culturais*
B3.1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.
B3.2. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.
B3.3. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.
B3.4. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.
B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.
B3.6. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.
B3.7. Música actual: novas tendencias; concertos en directo.

*Bloque 4. Música e tecnoloxías*

B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.

B4.2. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.

B4.3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.

B4.4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.

B4.5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.

B4.6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.

### 9.1.3. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

LENDA DAS COMPETENCIAS CLAVE (Decreto 86/2015):

CCL – Competencia en Comunicación Lingüística.
CMCCT – Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía.
CD – Competencia Dixital
CAA – Competencia en Aprender a Aprender.
CSC – Competencias Sociais e Cívicas.
CSIEE – Competencias en el Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor.
CCEC – Competencias en Conciencia e Expresións Culturais.

LENDA DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

PE – Proba escrita
PO – Proba oral
TI – Traballo individual
TG – Traballo de grupo
CC – Caderno de clase
RU – Rúbrica
OA – Observación na aula

| Música. 2º de ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
| Bloque 1. Interpretación e creación | | | | | |
| ▪ B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da | ▪ MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha | ▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ *1ª Avaliación*<br>▪ *Afianzamento: 2ª e 3ª* | *Coñece a linguaxe que califica os parámetros do son, pero aplica de forma guiada a linguaxe técnica básica.* | ▪ *PE* |

| Música. 2º de ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
| lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais. | linguaxe técnica apropiada. | | | | |
| | ▪ MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC | ▪ *1ª Avaliación*<br>▪ *Afianzamento: 2ª e 3ª* | *Sigue e lee partituras de audicións sencillas de maneira pouco autónoma.* | ▪ *PE*<br>▪ *PO*<br>▪ *OA* |
| | ▪ MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC | ▪ *2ª Avaliación* | *Recoñece e selecciona os patróns rítmicos a partir de opcións dadas* | ▪ *PE*<br>▪ *OA* |
| ▪ B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | ▪ MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | ▪ CCEC | ▪ *1ª Avaliación*<br>▪ *Afianzamento: 2ª e 3ª* | *Recoñece con axuda os elementos de representación musical.*<br>*Faino mellor no ritmo que nas melodías.*<br>*Recoñece os signos de intensidade e sabe cales son as indicacións de movemento.* | ▪ *PE*<br>▪ *PO*<br>▪ *OA* |
| ▪ B1.3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | ▪ MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | ▪ CAA<br>▪ CCEC | ▪ *2ª Avaliación*<br>▪ *Afianzamento: 3ª* | *Interpreta a 1ª voz de pezas musicais sinxelas e improvisa de forma pouco reflexiva e sen precisión na pulsación.* | ▪ *PO*<br>▪ *OA* |
| | ▪ MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os | ▪ CAA | ▪ *3ª Avaliación* | *Compón e confecciona arranxos e coreografías en* | ▪ *PO* |

| Música. 2º de ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
| | recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías. | ▪ CCEC | | *grupo.* | ▪ *OA* |
| ▪ B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. | ▪ MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. | ▪ CAA<br>▪ CCEC | ▪ *1ª Avaliación*<br>▪ *Afianzamento: 2ª e 3ª* | *Mostra motivación e interese seguindo con atención as explicacións* | ▪ *OA* |
| | ▪ MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. | ▪ CCEC | ▪ *3ª Avaliación* | *Participa e esforzase na realización de exercicios sinxelos* | ▪ *PO*<br>▪ *OA* |
| | ▪ MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. | ▪ CCEC | ▪ *1ª Avaliación*<br>▪ *Afianzamento: 2ª e 3ª* | *Canta de forma pouco reflexiva.* | ▪ *PO*<br>▪ *OA* |
| | ▪ MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. | ▪ CCEC | ▪ *1ª, 2ª e 3ª Avaliacións* | *Integra lentamente as habilidades técnicas necesitando de guía nos primeiros estadios de aprendizaxe de cada obra.* | ▪ *PO* |
| | ▪ MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. | ▪ CAA<br>▪ CCEC | ▪ *1ª Avaliación*<br>▪ *Afianzamento: 2ª e 3ª* | *Mostra intranquilidade e concentración irregular.* | ▪ *PO* |
| ▪ B1.5. Amosar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas creacións dos seus | ▪ MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente | ▪ CAA<br>▪ CCEC | ▪ *3ª Avaliación* | *Improvisa e compón coa axuda do grupo.* | ▪ *OA* |

| Música. 2º de ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
| compañeiros e das súas compañeiras. | establecidas. | | | | |
| | ▪ MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | ▪ CSIEE | ▪ *1ª Avaliación*<br>▪ *Afianzamento: 2ª e 3ª* | *É capaz de compoñer, pero cansa cedo. Necesita do apoio do grupo para superarse.*<br>*Cóstalle respetar ós seus compañeiros.* | ▪ *OA* |
| ▪ B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais econtribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común. | ▪ MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. | ▪ CCEC | ▪ *1ª, 2ª e 3ª Avaliacións* | *Interpreta con dificultade a través da lectura con notación adaptada.*<br>*Canta por imitación ou con partituras moi sinxelas.*<br>*Danza por imitación e con dificultades de pulsación, e para seguir e memorizar coreografías.* | ▪ *PO*<br>▪ *OA* |
| | ▪ MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | ▪ CCEC | ▪ *1ª, 2ª e 3ª Avaliacións* | *Interpreta con dificultade a través da lectura con notación adaptada.*<br>*Canta por imitación ou con partituras moi sinxelas.*<br>*Danza por imitación e con dificultades de pulsación, e para seguir e memorizar coreografías.* | ▪ *PO*<br>▪ *OA* |
| | ▪ MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras. | ▪ CSC | ▪ *1ª, 2ª e 3ª Avaliacións* | *Amosa baixa motivación, pero respecta as propostas.* | ▪ *OA* |
| | ▪ MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as | ▪ CSC | ▪ *1ª, 2ª e 3ª Avaliacións* | *Interpreta con pouca reflexión, amosa atención dispersa e é pouco crítico.* | ▪ *PO*<br>▪ *OA* |

| Música. 2º de ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
| | intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. | | | | |
| | ▪ MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. | ▪ CSIEE | ▪ *1ª, 2ª e 3ª Avaliacións* | *Participa activamente na aula, pero con baixo compromiso no seu traballo autónomo e amosa actitude medianamente respectuosa.* | ▪ *OA* |
| Bloque 2. Escoita | | | | | |
| ▪ B2.1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións. | ▪ MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces. | ▪ CCEC | ▪ *1ª Avaliación*<br>▪ *Afianzamento: 2ª e 3ª* | *Diferencia as familias orquestrais, pero presenta confusión entre os instrumentos e os timbres máis similares.*<br>*Diferencia voces masculinas e femininas.* | ▪ *PE*<br>▪ *OA* |
| | ▪ MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais. | ▪ CCEC | ▪ *1ª Avaliación*<br>▪ *Afianzamento: 2ª e 3ª* | *Diferencia as agrupacións, pero ten dificultade para memorizar o nome dos instrumentos.* | ▪ *PE*<br>▪ *OA* |
| ▪ B2.2. Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición. | ▪ MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición. | ▪ CCEC | ▪ *1ª Avaliación*<br>▪ *Afianzamento: 2ª e 3ª* | *Sigue partituras, pero non as lee. Guíase pola forma da notación rítmica ou pola liña melódica.* | ▪ *OA* |
| B1.6 Practicar de formaautónoma e dirixida exercicios para a correcta emisión na fala. | CCTV 1.1.6 Valora o empregocorrecto da respiración e entende queé imprescindible para unha correctaemisión tanto na fala como no canto. | ▪ CAA, CCL, CCEC | ▪ 1ª Avaliación<br>▪ Afianzamento: 2ª e 3ª | *Utiliza a respiración diafragmática para emitir sons.* | ▪ OA |
| Bloque 2. Relaxación, quecemento e estiramentoscorporais | | | | | |
| B2.1 Realizar con atención e concentración os diferentes exercicios de quecemento, respiración e emisión de voz, así como as diferentes técnicas de relaxación e estiramentos corporais e resonancia propostos na clase. | CCTV 1.2.1 Valora a relaxación e o quecemento da voz como condición previa para o canto e a interpretación. | ▪ CAA, CSC, CCEC | ▪ 1ª Avaliación<br>▪ Afianzamento: 2ª e 3ª | *Realiza correctamente exercicios de relaxación e quecemento previos ó canto.* | ▪ OA |
| B2.2 Prestar atención e estirar pernas, lombo e brazos, seguindo as indicacións achegadas na clase. | CCTV 1.2.2 Comprende e estira as pernas, lombo e brazos, seguindo as indicacións achegadas na clase. | ▪ CAA, CSC, CCEC | ▪ 1ª Avaliación<br>▪ Afianzamento: 2ª e 3ª | *Amosa unha actitude respectuosa e positiva ante os exercicios de estiramento e relaxación.* | ▪ OA |
| B2.3 Relaxar a cadeira e comprender a súa relación coa posible tensión da mandíbula. | CCTV 1.2.3 Realiza os exercicios de relaxación de cadeira e/ou mandíbula. | ▪ CAA, CSC, CCEC | ▪ 2ª e 3ª Avaliacións | *Amosa unha actitude respectuosa e positiva ante os exercicios de estiramento e relaxación.* | ▪ OA |
| B2.4 Estirar e relaxar o pescozo en diferentes | CCTV 1.2.4 Identifica, comprende e realiza os estiramentos do pescozo | ▪ CAA, CSC, | ▪ 1ª, 2ª e 3ª Avaliacións | *Amosa unha actitude respectuosa e positiva ante os exercicios de* | ▪ OA |

| Canto coral e técnica vocal. 2º de ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
| posicións. | para a súa relaxación. | CCEC | | *estiramento e relaxación.* | |
| B2.5 Coñecer a importancia da completa relaxación facial para evitar tensións na voz e activar a resonancia cranial da mesma. | CCTV 1.2.5 Valora e comprende a importancia da completa relaxación facial para evitar tensións na voz e activar a resonancia cranial da mesma. | ▪ CAA, CSC, CCEC | ▪ 1ª Avaliación<br>▪ Afianzamento: 2ª e 3ª | *Realiza correctamente exercicios de relaxación facial previos ó canto.* | ▪ OA |
| B2.6 Identificar, comprender e practicar os distintos resoadores corporais. | CCTV 1.2.6 Identifica, comprende e practica os distintos resoadores corporais. | ▪ CAA, CSC, CCEC | ▪ 1ª Avaliación<br>▪ Afianzamento: 2ª e 3ª | *Aplica técnicas básicas de resonancia (paladar).* | ▪ PO<br>▪ OA |
| Bloque 3. O ensaio coral | | | | | |
| B3.1 Interpretar pezas de diferentes estilos, épocas e procedencias, de dificultade variable, do repertorio galego e universal, por medio de partituras e/ou por imitación, atendendo ao xesto da persoa que dirixe, cunha actitude aberta e respectuosa ante a propia interpretación e a do conxunto coral. | CCTV 1.3.1 Respecta os tempos de espera e silencios previos á interpretación, durante a interpretación, e o ensaio por cordas de diferentes pasaxes. | ▪ CCL,CAA, CSC, CCEC, CSIEE | ▪ 2ª e 3ª Avaliacións | *Conta os compases de espera e silencio antes e durante a interpretación.* | ▪ PO<br>▪ OA |
| B3.2 Gozar da interpretación e audición do canto. | CCTV 1.3.2 Interpreta con corrección, memoriza e practica pezas de diferentes estilos, épocas e/ou procedencias, mediante partituras e/ou por imitación. | ▪ CCL, CAA, CSC, CCEC | ▪ 2ª e 3ª Avaliacións | *Interpreta pezas musicais sinxelas propostas polo profesor/a.* | ▪ PO<br>▪ OA |
| B3.3 Aprender a improvisar vocalmente sobre pequenos esquemas dados. | CCTV 1.3.3 Amosa unha actitude respectuosa, positiva, atenta e de espírito crítico á interpretación individual e do conxunto. | ▪ CCL, CAA, CSC | ▪ 1ª, 2ª e 3ª Avaliacións | *Amosa unha actitude respectuosa e positiva ante as interpretacións dos compañeiros.* | ▪ OA |
| B3.4 Recoñecer os esquemas dos compases de 2, 3 e 4 pulsos. | CCTV 1.3.4 Identifica e recoñece os esquemas de compases de 2, 3 e 4 pulsos. | ▪ CAA, CMCCT, CCEC | ▪ 1ª Avaliación<br>▪ Afianzamento: 2ª e 3ª | *Rechea por escrito compases de 2,3 e 4 pulsos.* | ▪ PE |

| Canto coral e técnica vocal. 2º de ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
| B3.5 Aprender a realizar entradas de conxunto sobre partes fortes e/ou débiles dos compases. | CCTV 1.3.5 Atende e realiza entradas de conxunto sobre partes fortes e/ou débiles dos compases. | ▪ CAA, CMCCT, CSC | ▪ 2ª e 3ª Avaliacións | *Segue as indicacións do profesor/a para a entrada, facer fortes, matices, etc.* | ▪ OA |
| B3.6 Entender, practicar e realizar vocalmente o caldeirón ou fermata, atendendo ás indicacións de quen dirixe | CCTV 1.3.6 Entende, practica e realiza vocalmente o caldeirón ou fermata, atendendo ás indicacións de quen dirixe. | ▪ CAA, CSC, CCEC | ▪ 2ª e 3ª Avaliacións | *Segue as indicacións do profesor/a para rematar a interpretación.* | ▪ OA |
| Bloque 4. Repertorio coral na adolescencia. Interpretación e concerto | | | | | |
| B4.1 Interpretar vocalmente algunha partitura monódica, a canon e/ou polifónica de diferentes períodos da Historia da Música. | CCTV 1.4.1 Amosa interese pola interpretación de conxunto e mostra atención e interpreta os xestos da dirección, respectando a interpretación do seus compañeiros e compañeiras. | ▪ CCL, CAA, CSC, CCEC | ▪ 1ª, 2ª e 3ª Avaliacións | *Amosa unha actitude respectuosa e positiva ante as interpretacións dos compañeiros e ante o profesor/a cando exerce de director..* | ▪ OA |
| B4.2 Interpretar con corrección os textos das pezas seleccionadas nos seus respectivos idiomas: galego, castelán, inglés, francés, alemán... | CCTV 1.4.2 Interpreta con corrección os textos das pezas seleccionadas de diversas culturas do mundo, atendendo especialmente ao noso patrimonio musical galego. | ▪ CCL, CAA, CSC,CCEC | ▪ 2ª e 3ª Avaliacións | *Aplica textos en galego propostos ó canto.* | ▪ PO<br>▪ OA |
| B4.3 Interpretar con concentración, afinación e sensibilidade o repertorio coral proposto. | CCTV 1.4.3 Concéntrase na interpretación, procurando unha boa afinación e empaste tanto individual coma coral. | ▪ CCL, CAA, CSC, CCEC | ▪ 1ª, 2ª e 3ª Avaliacións | *Amosa concentración e intenta reproducir a altura aproximada das notas.* | ▪ PO<br>▪ OA |
| B4.4 Crear pequenas coreografías corporais e/ou de movemento para acompañar o canto ou interpretalas individualmente. | CCTV 1.4.4 Realiza pezas sinxelas e/ou pequenas frases propostas de percusión corporal e/ou de movemento. | ▪ CAA, CSC, CCEC | ▪ 3ª Avaliación | *Improvisa pequenas coreografías seguindo o pulso.* | ▪ TG<br>▪ OA |
| B4.5 Coñecer e recoñecer o reparto de responsabilidades nas tarefas de xestión e organización de actividades | CCTV 1.4.5 Identifica o reparto de responsabilidades nas tarefas de xestión e | ▪ CAA, CSC, CSIEE | ▪ 3ª Avaliación | *Coñece as funcións básicas das persoas participantes nunha actuación concreta.* | ▪ OA<br>▪ PE |

| Canto coral e técnica vocal. 2º de ESO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
| musicais. | organización de actividades musicais. | | | | |
| B4.6 Identificar recursos tecnolóxicos para a procura e catalogación de partituras. | CCTV 1.4.6 Coñece e recoñece algún arquivo musical con partituras catalogadas | ▪ CAA, CD, CSIEE, CCEC | ▪ 3ª Avaliación | *Coñece as normas básicas de catalogación das obras.* | ▪ OA |

## 10) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DIFICULTADES DERIVADAS DA FENDA DIXITAL

No primeiro lugar, como primeira medida, haberá que distinguir entre os contidos que sexan básicos e aqueles que sexan complementarios.

Os contidos básicos se enfocarán desde distintas perspectivas e tratarase de chegar a eles a través de distintos procedementos, de tal forma que o alumno poda chegar ó obxectivo mediante unha das vías abertas.

O traballo en pequenos grupos heteroxéneos onde os alumnos con mais capacidade podan axudar ós alumnos con maiores problemas, sendo unha experiencia positiva para todos.

Organización de actividades en grupo, de repaso, para alumnos que mostren algunha dificultade.

Reparto de papeis, por exemplo á hora da execución instrumental, atendendo ás distintas capacidades, procurando os mais sinxelos ós que presenten maiores problemas, para pouco a pouco ir aumentando a súa dificultade; a finalidade é que non se sintan frustrados e impotentes desde o principio fronte ós instrumentos musicais.

Actitude positiva do docente ante todos os alumnos.

No caso dunha alumna con deficiencias auditivas severas aplicaranse medidas de reforzo que lle permitan participar activamente en todas as actividades na aula sen descartarse unha adaptación curricular se estas medidas non foran suficientes.

Para proveer o dereito á educación ó alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática (sen conectividade), a comunicación e recepción dos materiais e tarefas a desenrolar para a materia de música realizarase a través do titor.

## 11) CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Ademais de coidar escrupulosamente o uso da linguaxe e de revisar coidadosamente os textos e ilustracións para que non conteñan elemento algún que poida atentar contra a igualdade, a tolerancia ou calquera dos dereitos humanos, o proxecto plantexa directamente aqueles temas transversais os que os contidos desenrolados préstanse especialmente.

A práctica da música na aula proporciona unha excelente oportunidade ó pedagogo para favorecer respecto mutuo entre os sexos apreciando o mesmo tempo as súas diferenzas. As coreografías, a danza, o canto, entroncándose no aspecto mutacional da idade, onde a imaxe diferenciativa persoal respecto os demais comeza a tomar forma, se converten en elementos integradores e igualadores da convivencia e do traballo en equipo co soporte do mundo sonoro musical.

Educación ambiental: a forte invasión sonora que se produce no noso entorno fai necesaria unha toma de conciencia da mesma que evite as repercusións negativas do abuso sonoro. O respecto do espazo sonoro dos demais e o uso correcto das fontes de son proporcionan un ámbito de traballo moi necesario na aula.

Educación para a convivencia: a área de música permite plantexar un elevado número de contidos actitudinais baseados no respecto e ós gustos musicais dos demais, ademais de darnos a oportunidade de presentar e respectar opinións de todo tipo en debates relacionados co feito musical e participar en actividades que nos permitan exercitar as normas de convivencia baseadas no respecto cos demais e co material da aula.

Educación para a saúde e educación sexual: a actividade vocal, instrumental e motriz axuda de forma natural a mellorar funcións orgánicas como a respiración, o control e o dominio corporal. Os exercicios psicomotores así coma todo o relacionado co ritmo, desenrolan as funcións xerais de control neurolóxico e favorecen a harmonización e sincronización motora. A música axuda a entender as diferenzas na formación e desenrolo das voces masculina e feminina durante a puberdade e permite a consideración de diversos plantexamentos relacionados coa saúde vocal.

Educación para a paz: a música converteuse nun vínculo internacional entre as xeracións e países. A compresión das culturas alleas a través da audición, a práctica musical e a danza, así coma a análise das distintas funcións sociais da música en cada cultura proporciona os criterios necesarios para comprender mellor ós demais, e dese xeito a nós mesmos, abrindo así canles de comunicación que nos acerquen ós outros pobos.

Educación do consumidor: Na vida diaria atopámonos co qué comprar, cómo e cando. A educación musical pode servir para crear criterios de selección respecto as adquisicións de gravacións, instrumentos e asistencia a espectáculos. Axudarase así ó alumno a tomar conciencia do feito comercial e controlalo dende as propias opinións e gustos.

Educación vial: os problemas de contaminación sonora e as distraccións que poidan ter a súa orixe no desaxeitado uso da música mentres circulamos, xa sexa coma petóns ou coma condutores, o uso non axeitado de auriculares, etc., deben ser tratados en relación cos contidos da área.

## 12) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Durante este curso, dependendo da evolución da situación do COVID19, proporemos a realización de actividades didáctica entre as que contemplan a realización do obradoiro de regueifa organizado polo Concello de Ames que vimos facendo nos últimos anos e a asistencia a concertos didáticos como os do Auditorio de Galicia en caso de que se oferten.

## 13) CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

### Sobre a organización dos contidos

A estruturación dos contidos pode facerse seguindo os bloques nos que se agruparon ou ben integrando os contidos básicos de cada bloque ao redor dun tema central que permita traballar de forma simultánea os aspectos máis relevantes da materia. No primeiro caso deberemos dedicar a cada unidade o tempo necesario para garantir o respecto aos distintos ritmos de aprendizaxe e non forzar avances prematuros.

Cando o progreso sexa excesivamente lento e xa que logo, o risco de atasco nun determinado tema, alto, pode resultar conveniente para evitar rutinas desmotivadoras, pasar ao seguinte retomando posteriormente o que se deixou atrás.

A segunda estratexia esixe do profesor maior traballo de preparación ao non seguir un esquema clásico, pero pode resultar máis motivadora ao ser algo novo, menos monótono e presentar os contidos, conectados entre si, en contextos que os fan máis funcionais.

### Sobre a organización espacial e temporal:

A forma de organizar o aula e de distribuír o tempo poden ser ferramentas importantes para facilitar que cada alumno traballe ao ritmo adecuado e que o profesor poida atender adecuadamente as súas necesidades. O obxectivo sería converter o aula nun lugar en que o alumno participe, coopere e aprenda cos seus compañeiros.

Recordemos, unha vez máis, que os alumnos chegaron a esta situación pola falta de axuste entre as súas necesidades e a proposta didáctica concreta. Xa que logo a clase de reforzo non debería seguir reproducindo un patrón que agudizaría aínda máis as dificultades.

Alternar traballo individual con traballo en pequeno grupo dependendo do tipo de actividade proposta, é unha boa estratexia para lograr unha aprendizaxe cooperativa, impedir a monotonía e incrementar o interese, pois é indubidable que o traballo en grupo é máis motivador para o alumno. Poderase achacar que as agrupacións favorecen a dispersión ata que con elas se perde moito máis tempo, pero tamén estaremos de acordo en que producen mellores resultados ante actividades que, como a resolución de problemas, non responden a esquemas mecanicistas senón que propician dinámicas máis próximas ao que poderiamos chamar investigación. O profesor decidirá en cada momento que resulta máis apropiado podéndose chegar a unha especie de acordos nos que a un bo traballo individual siga, a modo de premio, o traballo en grupo.

O tempo non debe ser utilizado como escusa nunha materia optativa cun currículo tan aberto como a presente. É precisamente esta unha das razóns que fan interesante a existencia destamateria: dispor dun tempo extra no que ofrecer ao alumno unha proposta didáctica distinta e moito máis relaxada que as habituais.

O traballo autónomo en grupos pode facilitar a atención á diversidade do aula desde o momento en que non todos os alumnos deben estar realizando a mesma actividade. Aínda que tamén é certo que non adoitan estar afeitos a este tipo de traballo e que para lograr a autonomía da que se fala requírese adestramento e constancia.

En calquera caso deberemos recoñecer que non dispomos de tantas estratexias motivadoras como para permitirnos, en aras dunha pretendida efectividade (que non debe selo se non serviu con estes alumnos), obviar o traballo en grupo dentro do aula.

É importante (sempre o é, pero con este tipo de alumnos máis) que o número de alumnos sexa baixo. As estratexias didácticas que aquí se enuncian e a necesidade de atendelos individualmente así o requiren. Os centros debesen procurar que non pasasen de quince por grupo, en caso contrario a eficacia desta materia veríase seriamente afectada pois sería imposible levar á práctica a maioría das recomendacións feitas e os obxectivos, especialmente o primeiro, volveríanse inalcanzables.

**Sobre o uso da linguaxe oral e musical:**

A aprendizaxe da Música adoita estar moi centrado na resolución de actividades nas que se pasa directamente do plano mental ao escrito. A linguaxe oral obriga a estruturar e organizar o pensamento, por iso pode ser un bo instrumento para facilitar, aos alumnos con dificultades, a transición entre pensamento e actividade escrita.

Comunicar oralmente o que se pensa ante unha audición concreta, como se razoa, que aspectos son relevantes e cales non, ata o intercambio de puntos de vista, son actividades nas que se explícita o pensamento e poden, xa que logo, servir para depurar razoamentos, facilitar o uso correcto da linguaxe musical e permitir que o profesor, tras analizar a liña argumental do alumno, préstelle a axuda específica que necesite.

**Sobre a motivación:**

O cambio actitudinal outorga a este aspecto unha importancia crucial.

Certamente a preocupación por todo o relativo á motivación é unha constante en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. Unicamente poderá conseguirse unha aprendizaxe que ata este momento non se logrou, se se é capaz de captar o interese do alumno. A tarefa é difícil, e iso converte á materia nun auténtico reto para o profesor, quen deberá sacrificar calquera outra pretensión en tanto non logre aumentar este interese. Para facilitar as cousas danse a continuación algunhas indicacións respecto diso.

Simplificando a cuestión poderemos convir que, hoxe día, á motivación contribúen basicamente tres aspectos: a utilidade, a proximidade e a atracción e eses tres compoñentes deberán estar presentes nas actividades que se propoñan aos alumnos.

A utilidade esixe claros contextos de aplicación ata para as máis mecánicas. Xa se falou dos problemas e situacións problemáticas reais como recurso.

A proximidade require por unha banda partir do que o alumno xa sabe, por ínfimo que sexa e, sobre estes coñecementos previos asentar a aprendizaxe. Por outra, expor cuestións que traten a realidade cotiá do alumnado para que poidan ser asimiladas e extrapoladas a calquera outro contexto.

Ademais, as actividades deben resultar atractivas ben polo que traten ben por como o fagan. Sempre resultará máis sinxelo para o profesor recorrer aos cambios de forma que aos de fondo, así o alternar traballo individual con traballo en grupo, combinar exercicios cun predominio do compoñente mecánico con outras accións que impliquen un maior exercicio mental, actividades manipulativas con problemas abstractos, actividades interpretativas, improvisativas, o baile, os xogos, o material manipulable etc. conseguirán que a monotonía non se apropie da aula.

As novas tecnoloxías proporcionan moitas e moi variadas posibilidades. Estas aplicacións adoitan ser bastante accesibles especialmente a través de Internet.
Cada administración educativa adoita ter editado material informático ou unha páxina web á que recorrer. Ademais, existen plataformas informáticas tipo Clic, Hot-potatoes ou ferramentas para elaborar páxinas web coas que o profesor pode, facilmente, deseñar actividades particulares para traballar aspectos concretos.

O traballo ou xogo cooperativo a través de redes informáticas, ou ata Internet, é outra posibilidade que está comezando a ser explotada e que pode ser un instrumento máis para conseguir expor actividades atractivas e novas.

Ademais de todo isto, haberá que ter sempre presente que:
Deberían deseñarse actividades con distinto grao de dificultade, adaptadas ao nivel de cada alumno.
As actividades propostas deben ser o suficientemente simples como para que os alumnos poidan ter garantías de éxito. Non hai nada máis frustrante que enfrontarse cada día a tarefas que non sabe como resolver.
Non deben repetirse as mesmas actividades nas que estes alumnos atopan problemas, se o que se quere é non reproducir esquemas que se demostraron ineficaces.
O fracaso multiplícase se se fai o esforzo de construír sobre unhas bases que non existen.

## 14) ACTIVIDADES TICS

Atopámonos nunha época en constante cambio, na que os avances tecnolóxicos e informáticos teñen cada vez máis cabida na nosa vida cotiá e profesional determinado moitas veces non só a forma en que percibimos o entorno se non tamén como nos relacionamos con él e cómo creamos.

A programación do Departamento de Música vense adaptando ano a ano a estes cambios co fin de aproveitar todos os recursos e as ferramentas dixitais para expandir a materia, ampliando tanto os contidos como os procedementos.

Para aproveitar o amplo espectro de posibilidades que ofrecen as TICS no departamento se plantexan varias líneas de traballo seguindo as seguintes líneas de acción:

### Xestión de contidos e adquisición de coñecementos

As TICS son usadas como medio de coñecemento e procura de información realizando actividades como: a recompilación de información musical relativa a partituras, biografías, audicións de obras desde as propias páxinas web, etc.

Grazas á instalación dun canón de vídeo nunha das aulas de música e dunha pizarra dixital na outra o traballo con estes contidos axilizouse moito podendo traballar, interpretar e analizar conxuntamente diferentes contidos musicais (textos, partituras, sonogramas, musicogramas, imaxes, etc).

Doutra banda os dous membros definitivos deste departamento elaboramos un blog www.sondames.org ademais de realizar unha exhaustiva labor de xestión de infomación da sección de música da aula virtual dinamizando a adquisición de coñecementos.

Outras actividades interesantes que estamos realizando son:

Unha vez finalizada a unidade didáctica os alumnos poden dedicar unha sesión a repasar coñecementos así como a divertirse e aprender novos conceptos grazas aos programas interactivo realizado desde o Ministerio de Educación, coma o MOS que fai un repaso completo dos distintos períodos da historia da música a través de personaxes relevantes. Dentro do apartado de recursos educativos, a páxina de enlace é:

http://recursos.cnice.mec.es/musica/

Trátase dun xogo interesante e que lles resulta moi ameno aos alumnos, o problema é que tarda bastante en cargarse e ademais necesita altofalantes ou auriculares.

Outra páxina interesante e á que recorremos durante a realización da unidade didáctica do Barroco no nivel

de 3º E.S.O. é a realizada pola Biblioteca Nacional de Berlín. Trátase dunha dixitalización exhaustiva da obra completa de J. S. Bach. na que se poden ver partituras manuscritas, escoitar fragmentos da súa obra, etc.

Sabemos que existen moitísimas páxinas na rede deste tipo, pero a modo de exemplo, os alumnos poden visitar a web do Teatro Real para achegarse un pouco máis a este ambiente da representación e execución musical. Pódese acceder á programación dos concertos así como aos intérpretes e orquestras.Enlace:

http://www.teatro-real.com/

A utilización dalgún programa que traballe e repase os coñecementos adquiridos por exemplo o programa Britten de Miren Garralda que é moi adecuado para repasar a clasificación en familias dos instrumentos dunha orquestra, os instrumentos de percusión Orff de Germán Palomino, actividades de ritmo de Jordi Perales, Verdi de Susana Argemi, Instrumentos da Idade Media de Pebida Llauradó, etc.

En definitiva, a rede ofrece múltiples posibilidades para atopar recursos apropiados a cada nivel.

Tan só citamos uns pequenos exemplos, pero consideramos que o acceso a este tipo de ferramentas de información supón xa un gran avance para a educación e formación do alumnado, así como un recurso moi útil para o docente.

Nestes últimos anos tamén estamos a utilizar moito do material ofrecido a través de Youtube con partituras en formato scroll o que permite, tanto entender na práctica a función e o alcance da escritura musical, como focalizar a escoita das audicións coa axuda da súa representación visual.

Un exemplo deste tipo de material pode atoparse no canal de vídeo Gerubach. https://www.youtube.com/user/gerubach

**Creación e expresión sonora**

Ademais destes recursos tamén utilizamos as TICs como ferramenta creativa traballando cos seguintes programas de composición e representación sonora ben usando os ordenadores Abalar ben na aula de informática.

Musescore

Este software incluído no repositorio dos ordenadores Abalar permite crear partituras ao tempo que escoitamos os sons que representamos. É unha ferramenta moi intuitiva e útil para darlle sentido á escritura musical e poder escoitar as pequenas composicións que imos creando. Aprendemos a escribir música así como fundamentos básicos de composición (harmonía, contrapunto, canon, arpexios, consonancia, combinación tímbrica, forma, etc).

Audacity

Trátase dun editor de audio tamén incluído no repositorio Abalar e permite traballar non xa con notas se non directamente co son, permitíndonos crear pezas complexas e introducíndonos no ámbito da creación electroaústica. Ao mesmo tempo apréndense técnicas de gravación e edición de audio.

Pure Data

Aproveitando o material publicado en http://vertixesonora.net/caixasdeson/, en cuxa realización participou un dos profesores do departamento durante unha licenza de formación (Xoán-Xil López) introdúcese o uso deste software co fin de comprender as técnicas básicas de creación de música electrónica permitindo, ao mesmo tempo, experimentar con certos aspectos da natureza do son.

Reaper

Aínda que este programa non é totalmente libre e aberto (como os anteriores) ten unha licenza de proba totalmente funcional de 60 días e permite adentrarse no mundo dos DAW (dixital Audio Workstation) completando os coñecementos adquiridos co uso de Audicity xa que ofrece ferramentas novas e máis potentes. Funciona como un estudio de gravación virtual e podemos achegarnos de xeito sinxelo á experiencia do proceso actual de gravación de discos así como á remezcla e a montaxe de audio e vídeo.

**Autoavaliación**

O uso da aula virtual permite incorporar ao proceso de aprendizaxe diferentes sistemas de autoavaliación co uso de cuestionarios e exercicios. Aínda que este curso vai resultar difícil por mor do desaxuste entre recursos e número de alumnos: hai grupos de 30 e 31 alumnos mentres as  aulas Abalar contan con 20 ordenadores.

Isto dificulta en gran medida o uso das TICS.

## 15) PLAN LECTOR

Co fin de mellorar a lectura comprensiva dos alumnos da ESO, se dedicará un tempo mínimo á lectura cada clase. Deste xeito os alumnos poderán mellorar neste ámbito á vez que aprenden tamén Música, xa que a lectura non só é fonte de aprendizaxe senón tamén fonte de lecer. Para conseguir isto intentaremos empregar todo tipo de textos (literarios, xornalísticos, expositivos, publicitarios) en soporte impreso ou electrónico.

Realizaremos as seguintes actividades:

- Lectura na clase do propio libro de texto.
- Lectura de partituras empregando correctamente os signos propios da linguaxe musical.
- Información continuada aos alumnos de libros ou direccións de internet que podan resultarlles útiles ou interesantes.
- Traballos de investigación e comentarios de texto.
- Propostas de lectura de libros ou de páxinas web para as vacacións.
- Manexo na propia aula de dicionarios, manuais, libros de consulta, enciclopedias, atlas, libros de partituras, revistas, artigos periodísticos, etc.
- Proporase que os propios alumnos traian artigos de periódicos ou revistas que teñan relación coa nosa materia, que se lerán na clase e logo se exporán no taboeiro.
- Comprensión dos exercicios prácticos.

Realizaremos tamén actividades na Biblioteca do centro. No primeiro trimestre visitaremos a biblioteca cos alumnos para darlles información dos libros e revistas que poden resultarlles útiles xa que despois ao longo do curso irán realizando unha serie de actividades alí.

Proporemos unha serie de lecturas, algunhas obrigatorias e outras voluntarias, como poden ser por exemplo:

- Lectura do conto noruegués Peer Gynt coa música de Grieg.

- “El maravilloso mundo de la música”3ºESO.

- “Pequena crónica de Ana Magdalena Bach” 3ºESO.

- “Novecento”, de Baricco4ºESO.

Outras posibles actividades poderían ser por exemplo:

- Exercicios de lecto-escritura a partires dunha audición:

A música inspira unha redacción curta que logo se lerá en voz alta.

A música inspira diferentes títulos que se compararán co orixinal.

Unha mesma narración cambiará de lugar e circunstancias ao tempo que se salta dunha audición a outra.

- “Schubertiadas”: como traballo en grupo os alumnos buscarán textos procedentes de poesía, literatura e teatro de autores clásicos que se correspondan cos diferentes períodos musicais. Os textos seleccionados leranse acompañados de música clásica coetánea.

Coma estratexias de comprensión lectora pediremos a redacción dos resumos dos textos e outras actividades coma cuestionarios ou por título a un texto e realizaremos unha avaliación continuada dos avances e dificultades e índices de lectura. Tamén intentaremos que as lecturas estean relacionadas con temas transversais para que os alumnos sexan máis conscientes e responsables á vez que aprenden a nosa materia.

## 16) EDUCACIÓN EN VALORES

Habilidade para traballar de forma cooperativa e flexible como parte dun equipo. Ser capaz de crear confianza e empatía, aprender a negociar e ter boa disposición para chegar a acordos.

Ser conscientes da existencia de diferentes perspectivas para analizar a realidade.

Comprender a pluralidade de opinións, ser capaz de porse no lugar do outro e comprender puntos de vista diferentes ao noso. Valorar a diferenza e recoñecer a igualdade de dereitos entre homes e mulleres.

Aprender a convivir. Manexar habilidades sociais e saber resolver os conflitos de forma dialogante, construtiva e pacífica.

Comprender e practicar os valores das sociedades democráticas: democracia, liberdade, igualdade, solidariedade, corresponsabilidade, participación, etc.

Escoitar distintas composicións inspiradas na convivencia e a non violencia. Crear debates ao redor dos fenómenos sociais que rodean ás diferentes músicas. Rexeitar mensaxes que inciten á violencia, a discriminación ou a insolidariedade.

Participar nas actividades respectando as normas da convivencia democrática. Valorar de forma crítica dos produtos musicais que saen ao mercado.

Concienciar acerca da importancia de circular pola vía pública sen auriculares xa que diminúen a capacidade auditiva e distraen a atención, sendo causa por iso dalgúns accidentes de circulación.

## 17) CONTRIBUCIÓN Ó PLAN DE CONVIVENCIA

A realización de numerosas prácticas en grupo ten como resultado unhamaior integración entre os alumnos na aula. Ademais, por medio de proxectos musicais, se favorece a relación e implicación entre alumnos de diferentes niveis, contando coa colaboración de disciplinas diferentes, así como de pais e nais.

## 18) MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS E PROCESOS DE MELLORA

Periodicamente o Departamento de Música reunirase para avaliar o grao de consecución dos obxetivos plantexados para cada materia nesta programación didáctica. Os cambios adoptados respecto da programación serán plasmados no libro de actas do departamento.

En particular analizaranse os seguintes parámetros:

Grao de uso de estratexias e recursos. Análise de posibles carencias materiais ou doutra índole.

Adecuación dos materiais aos contidos curriculares.

Adecuación do calendario de actividades presenciais.Seguimento das actividades complementarias e extraescolares.

Seguimento da programación por parte do alumnado, asistencia a clase e adecuación de espazos utilizados.

Funcionamento dos materiais escollidos entre o alumnado.

Grao de realización das actividades de autoaprendizaxe.

Adecuación das formas de avaliación ás actividades.

Detección de necesidades específicas e propostas de mellora.

Outras incidencias.

## 19) PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL

**- Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia.**

Actividades:

Videoconferencias.

Tarefas e exercicios presentados telemáticamente na Aula Virtual.

Instrumentacións realizadas polo alumnado de xeito telemático presentados na Aula Virtual.

Metodoloxía, materiais e recursos (alumnado con conectividade e sen conectividade):

Con conectividade:

Cada dúas semanas subirase un documento guía á web do centro para que o alumnado dispoña da información de materiais e tarefas a desenrolar para a materia de música.

O seguimento realizarase mediante a Aula Virtual específica para cada curso, na que ademais de servir de instrumento de recepción das tarefas propostas, o alumnado pode utilizala como canle de comunicación directa co profesor mediante servizo de mensaxería.

Periodicamente realizaranse videoconferencias entre profesor e alumnos utilizando o portal Webex.

Sen conectividade:

A comunicación e recepción dos materiais e tarefas a desenrolar para a materia de música realizarase a través do titor.

**- Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.**

A comunicación e recepción dos materiais e tarefas a desenrolar para a materia de música realizarase a través do titor.

**- Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.**

Información ao alumnado e ás familias:

Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.

Mensaxería da aula virtual, correo electrónico, comunicación a través do titor.

Publicidade:

Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

Cada dúas semanas poñerase un documento guía á web do centro para que o alumnado dispoña da información das tarefas a desenrolar para a materia de música (remitirase á Aula Virtual ou outros)

## 20 CONCRECIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR E LIÑAS XERAIS DO PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCIDIBLES NON ADQUIRIDAS O CURSO PASADO. MEDIDAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS

Dende o Departamento de Música consideramos que as aprendizaxes imprescindibles dos distintos niveis xa foron suficientemente adquiridas no curso anterior, polo que os alumnos non deberían ter especial dificultade á hora de abordar o novo curso.

De feito, como queda recollido na Memoria final do curso pasado, "dos contidos previstos na Programación do Departamento de Música para a ESO e o Bacharelato cumpríronse prácticamente tódalas expectativas, prestando especial atención ós aspectos relacionados coa sensibilización dos alumnos co fenómeno musical". O Departamento de Música está satisfeito cos resultados acadados durante o curso 2019-20, xa que, a pesar da situación imprevista debida o estado de alarma polo COVID19 que fixo precisa unha Adaptación da  Programación, considera que todos os alumnos conseguiron a adquisición das aprendizaxes expostas na Programación do curso (e na súa Adaptación posterior) de xeito satisfactorio. Isto queda reflexado nos bos resultados acadados polo alumnado co cen por cen de aprobados.

De tódolos xeitos, as primeiras clases do curso dedicaranse a un repaso xeral de contidos musicais básicos, para asegurarnos que todo o alumnado recorda os coñecementos básicos previos requeridos para enfrentarse o novo curso.

Tamén é probable que haxa que adaptar á nova situación (medidas Covid19 e ausencia de aulas específicas) algún apartado ou a metodoloxía empregada para a adquisición dalgúns contidos.

**Departamento de música:**

Sonia M. Rohrer Sobrino (Xefa de Departamento)



Xoán-Xil López Rodríguez



En Bertamiráns, a 15-09-2021